

17. *Países Baixos*

NNI: Nederlands Normalisatie Instituut.

NEC: Nederlands Elektrotechnisch Comité.

18. *Austria*

ÖN: Österreichisches Normungsinstitut.

ÖVE: Österreichischer Verband für Elektrotechnik.

19. *Polonia*

PKN: Polski Komitet Normalizacyjny.

20. *Portugal*

IPQ: Instituto Português da Qualidade.

21. *Romanía*

ASRO: Asociatia de Standardizare din România.

22. *Eslovenia*

SIST: Slovenski inštitut za standardizacijo.

23. *Eslovaquia*

SÚTN: Slovenský ústav technickej normalizácie.

24. *Finlandia*

SFS:

Suomen Standardisoimisliitto SFS ry.

Finlands Standardiseringsförbund SFS rf.

THK/TFC:

Telehallintokeskus.

Teleförvaltningscentralen.

SESKO:

Suomen Sähköteknillinen Standardisoimisyhdistys SESKO ry.

Finlands Elektrotekniska Standardiseringsförening SESKO rf.

25. *Suecia*

SIS: Standardiseringsen i Sverige.

SEK: Svenska elektriska kommissionen.

ITS: Informationstekniska standardiseringsen.

26. *Reino Unido*

BSI: British Standards Institution.

BEC: British Electrotechnical Committee».

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a letra F do anexo da Directiva 2006/96/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da libre circulación de mercadorías, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de novembro de 2007.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

XEFATURA DO ESTADO

19744 *LEI 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.* («BOE» 275, do 16-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A atmosfera é un ben común indispensable para a vida respecto do cal todas as persoas teñen o dereito do seu uso e disfrute e a obriga da súa conservación.

Pola súa condición de recurso vital e polos danos que da súa contaminación poden derivar para a saúde humana, o ambiente e demais bens de calquera natureza, a calidade do aire e a protección da atmosfera foi, desde hai décadas, unha prioridade da política ambiental. Así, a medida que os procesos de industrialización e de urbanización de grandes áreas territoriais foron provocando impactos negativos na calidade do aire, fíxose preciso, tanto no plano nacional como rexional e internacional, a articulación dun amplo repertorio de instrumentos legais tendentes a facer compatibles o desenvolvemento económico e social e a preservación deste recurso natural.

Neste contexto sitúase o importante acervo xurídico e o conxunto de políticas e medidas que a Comunidade Europea veu desenvolvendo desde os anos setenta en materia de calidade do aire, e os tratados rexionais e multilaterais adoptados para acadar outros obxectivos da protección atmosférica tales como reducir a contaminación transfronteiriza, protexer a capa de ozono ou combater o cambio climático. Polo que a España se refire, tamén cabe situar neste proceso a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico que, xunto ao seu extenso desenvolvemento regulamentario, serviu ata a data como norma básica para enmarcar a resposta aos problemas da contaminación do aire.

O resultado de aplicar todas as medidas sinaladas xerou sen dúbida ningunha importantes melloras na calidade do aire, particularmente no que se refire a certos contaminantes tales como o dióxido de xofre. Permitiu fixar obxectivos de calidade e de limitación de emisións, reducir a contaminación de fontes fixas e móbiles, mellorar a calidade ambiental dos combustibles e abordar problemas como a chuvia ácida ou o ozono troposférico, entre outros. Paralelamente, nas últimas décadas, tamén se rexistraron avances noutras fronteiras da protección atmosférica como a capa de ozono e afondouse na integración destas consideracións noutras políticas sectoriais como a enerxética ou o transporte.

Non obstante, a pesar dos mencionados logros, a contaminación atmosférica continúa sendo motivo de seria preocupación en España e no resto de Europa. Todas as avaliacións efectuadas poñen de manifesto que, a pesar das medidas postas en marcha no pasado, aínda existen niveis de contaminación con efectos adversos moi significativos para a saúde humana e o ambiente, particularmente nas aglomeracións urbanas. Ademais, os máis recentes estudos confirman que, de non se adoptaren novas medidas, os problemas ambientais e de saúde persistirán no futuro. En concreto, no caso de España, as avaliacións da calidade do aire demostran que os nosos

principais problemas son similares aos doutros países europeos aínda que, nalgúns casos, agravados polas nosas especiais condicións meteorolóxicas e xeográficas.

II

En virtude do exposto e no marco das iniciativas que están sendo postas en marcha, tanto polas administracións públicas españolas como por parte da Comunidade Europea, para acadar uns niveis de calidade do aire que non dean lugar a riscos ou efectos negativos significativos na saúde humana ou no ambiente, resultaba evidente que en España era indispensable actualizar e adecuar a capacidade de acción fronte á contaminación atmosférica.

Ben que a Lei de 1972, grazas ao seu carácter innovador, prestou un importante servizo á protección do ambiente atmosférico ao longo de máis de trinta anos, non é menos certo que, debido aos intensos cambios habidos no longo período de tempo transcorrido desde a súa promulgación, hoxe en día quedou desfasada en importantes aspectos e superada polos acontecementos. Por iso unha das principais medidas que se debe adoptar para fortalecer e modernizar a mencionada capacidade de acción era a de elaborar unha nova lei de calidade do aire e protección da atmosfera que permitise dotar España dunha norma básica acorde coas circunstancias e exixencias actuais.

Este é, precisamente, o obxecto desta lei, o de saber definir unha nova norma básica conforme coas exixencias do noso actual ordenamento xurídico e administrativo, que se inspire nos principios, enfoques e directrices que definen e orientan a vixente política ambiental e de protección da atmosfera no ámbito da Unión Europea e que dea axeitada cabida ás formulacións e requisitos técnicos que conforman o acervo comunitario en materia de atmosfera, e o derivado dos correspondentes convenios internacionais. Con estas premisas e aspirando a un certo grao de permanencia, a lei tamén pretende ser o suficientemente flexible como para posibilitar os oportunos desenvolvementos regulamentarios que se precisen, segundo se vaian rexistrando avances na política de calidade do aire e de protección do ambiente atmosférico.

Para lograr os seus obxectivos e, en concreto, para acadar e manter un nivel de protección elevado das persoas e do ambiente fronte á contaminación atmosférica de xeito compatible cun desenvolvemento sustentable, esta lei aborda a xestión da calidade do aire e a protección da atmosfera á luz dos principios de cautela e acción preventiva, de corrección da contaminación na fonte mesma e de quen contamina paga, e desde unha formulación de corresponsabilidade, cun enfoque integral e integrador.

Polo que á corresponsabilidade se refire, esta lei outorga a este aspecto un papel transcendental na loita contra a contaminación e reflicte a súa relevancia en tres planos básicos. Por un lado involucrando na conservación do ambiente atmosférico non só os poderes públicos senón a sociedade no seu conxunto. Neste sentido a lei entende que, se os cidadáns teñen dereito a exixirles aos poderes públicos que adopten as medidas necesarias para preservar a pureza do aire dentro duns límites que non comprometan a súa saúde e a protección do ambiente, na mesma medida se nos debe demandar a todos a obriga de preservar e respectar este recurso natural. Noutro plano, esta corresponsabilidade tamén é reclamada pola lei no concernente á actuación das distintas administracións públicas. Se consideramos que o aire e a contaminación non coñecen de deslindes territoriais ou administrativos e temos en conta a distribución competencial prevista nesta materia no noso ordenamento, esta lei salienta a necesaria cooperación e colaboración interadministrativa para asegurar a eficacia e coherencia das súas actuacións e evitar disfuncións ou carencias, espe-

cialmente nos supostos en que a contaminación atmosférica afecte un ámbito territorial superior ao dun municipio ou unha comunidade autónoma. De igual forma, nun terceiro plano, esta lei busca promover que as administracións públicas incorporen as consideracións relativas á calidade do aire e á protección da atmosfera na planificación, definición, execución e desenvolvemento das distintas políticas sectoriais e que se esforcen en procurar un desenvolvemento sustentable, fomentando todas aquelas iniciativas que contribúan á conservación do ambiente atmosférico e evitando, na medida do posible, actuacións contrarias ao devandito obxectivo.

No concernente ao enfoque integral e integrador que orienta esta lei, este materialízase tanto no obxecto e ámbito de aplicación desta como nos instrumentos habilitados para loitar contra a contaminación atmosférica. Dunha parte o seu carácter integral exprésase en que esta lei non circunscribe a súa actuación a unha vertente concreta da contaminación atmosférica, como o é a calidade do aire ambiente, senón que abrangue os distintos problemas desta tales como a contaminación transfronteiriça, o esgotamento da capa de ozono ou o cambio climático. Con iso pretende abordar a pluralidade de causas e efectos da contaminación atmosférica cunha visión global do problema respecto das fontes, xa sexan puntuais ou difusas, os contaminantes e os seus impactos na saúde das persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza.

Pola súa banda, o enfoque integrador desta lei responde á necesidade de dar resposta ao feito de que o fenómeno da contaminación atmosférica, pola súa natureza complexa, require para o seu tratamento do curso de múltiples actuacións para atender outros tantos aspectos del. Por iso, esta lei busca a súa maior efectividade tratando de aproveitar a sinerxía resultante da conxugación de diversos instrumentos propios dunha política atmosférica moderna e coherente cos modelos vixentes na Unión Europea e os convenios internacionais. Consecuentemente, nesta lei artículase unha batería de instrumentos que van desde os máis específicos para actuar sobre a calidade do aire ou para a limitación de emisións, pasando polos de carácter horizontal de avaliación, información, control e inspección ata aqueles indispensables para fomentar a protección do ambiente atmosférico ou para promover a investigación, o desenvolvemento e a innovación e a formación e sensibilización pública.

III

Para a definición deste novo marco xurídico a lei estrutúrase en sete capítulos. O capítulo I contén as disposicións xerais e comeza definindo, como obxecto da norma, a prevención, vixilancia e redución da contaminación atmosférica co fin de evitar ou minorar os danos que dela poidan derivar para as persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza. Tamén delimita o seu ámbito de aplicación aos contaminantes relacionados no anexo I de todas as fontes, xa sexa titularidade pública ou privada, excluindo unicamente aquelas formas de contaminación que se rexen pola súa normativa específica, así como as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas, que se rexerán pola normativa específica de protección civil. Seguidamente, recóllense as definicións precisas para unha mellor comprensión da norma e dos principios reitores que inspiran a lei. Xunto aos principios que rexen a política ambiental da Unión Europea súbñase ademais a necesaria corresponsabilidade tanto das administracións públicas como das entidades de dereito público ou privado e dos particulares.

Este primeiro capítulo inclúe igualmente a distribución competencial entre as distintas administracións

públicas. A este respecto cabe destacar que a lei establece determinadas obrigas para os municipios con poboación superior a 100.000 habitantes e as aglomeracións, como a de dispoñer de instalacións e redes de avaliación, informar a poboación sobre os niveis de contaminación e calidade do aire ou elaborar plans e programas para o cumprimento dos obxectivos de calidade do aire. Establécense tamén as obrigas dos titulares e a indispensable cooperación e colaboración interadministrativa, así como o dereito de información do público. Polo que se refire ás obrigas dos titulares, a lei circunscribe a titulares de instalacións en que se desenvolvan actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, é dicir dentro do conxunto de todas as fontes de contaminación posible só a aquelas cuxas características poden requirir que sexan sometidas a un control e seguimento máis estrito.

O capítulo II aborda as disposicións relativas á avaliación e xestión da calidade do aire conforme o modelo vixente na normativa da Comunidade Europea. En primeiro lugar habilita e insta o Goberno para que, coa participación das comunidades autónomas, fixe obxectivos de calidade do aire e poida actualizar periodicamente a relación de contaminantes recollida no anexo I. A continuación a lei dispón cando e como as comunidades autónomas e as entidades locais, de acordo coas súas competencias, deben efectuar avaliacións da calidade do aire en relación cos contaminantes a que se refiren os obxectivos de calidade do aire e establece que as comunidades autónomas zonificarán o seu territorio segundo os niveis de contaminación identificados nas avaliacións anteditas. Pola súa vez, neste capítulo, estipúlase que a Administración xeral do Estado deberá integrar as zonas para todo o territorio nacional e que a información utilizada para a zonificación deberá ser tida en conta polas administracións públicas en relación co urbanismo, a ordenación do territorio e a tramitación de procedementos de autorización de actividades e instalacións.

O capítulo III contén dous tipos de medidas que se enmarcan no esquema convencional para a prevención e control das emisións. Por unha parte habilitase o Goberno, coa participación das comunidades autónomas, para establecer valores límite de emisión para contaminantes e actividades concretas así como para fixar obrigas específicas respecto da fabricación, comercialización, uso e xestión de produtos que poidan xerar contaminación atmosférica. Paralelamente instase o uso das mellores técnicas dispoñibles e o emprego dos combustibles menos contaminantes.

En segundo lugar, a lei perfecciona un instrumento de prevención xa previsto na normativa española e europea desde hai décadas, como é o sometemento de certas actividades a un réxime de intervención administrativa. A diferenza do previsto na Lei de protección do ambiente atmosférico de 1972, na cal se establecía un catálogo que incluía exclusivamente aquelas actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera suxeitas a un réxime de autorización administrativa ou notificación, esta lei arbitra un esquema cunha filosofía máis operativa e flexible. Por unha parte establece un catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera en que se recollen todas aquelas fontes cuxas emisións antropoxénicas son estimadas para elaborar o inventario español de emisións á atmosfera. A continuación, partindo deste catálogo, a lei específica cales das súas categorías de actividades se deben someter a un réxime de intervención administrativa das comunidades autónomas nos termos que estas determinen. Con esta nova formulación a lei responde ao seu enfoque integral ao incluír no catálogo todas as fontes potenciais de contaminación. Ademais, ao existir unha correlación entre o catálogo e o inventario español de emisións, este esquema permite revisar periodicamente a relación de categorías do catálogo sometidas ao réxime de intervención administrativa e decidir se con-

vén ou non manter as existentes, excluír algunha ou incorporar outras novas, en función da maior ou menor contribución destas á contaminación atmosférica.

Unha vez definidos tanto o catálogo como as categorías suxeitas a un réxime de intervención, neste capítulo tamén se regulan aspectos básicos do réxime, incluíndo os criterios que se deben tomar en consideración co fin de cualificar a modificación dunha instalación como substancial e o procedemento que cómpre seguir no caso de autorizacións de actividades que poidan ter repercusións sobre a calidade do aire doutra comunidade autónoma ou doutro Estado.

No seu capítulo IV a lei aborda as cuestións relativas á planificación nas súas tres vertentes: os plans para mellorar a calidade do aire e cumprir obxectivos e obrigas; a participación pública na elaboración dos devanditos plans e a integración da protección da atmosfera na planificación de políticas sectoriais. En concreto, esta lei encoméndalle ao Goberno, coa participación das comunidades autónomas, a elaboración daqueles plans de ámbito estatal derivados de compromisos internacionais e comunitarios. Así mesmo, encoméndalles ás comunidades autónomas os plans e programas para o cumprimento dos obxectivos de calidade nos seus ámbitos territoriais, sinalando os tipos de plans mínimos que deben adoptar e os seus requisitos básicos. Dentro dos requisitos procesuais inclúese a garantía da participación pública na elaboración e revisión destes plans. Paralelamente, neste capítulo tamén se subliña a obriga que teñen as administracións públicas de integrar as consideracións relativas á protección atmosférica na planificación das distintas políticas sectoriais. Por último, para facilitar a planificación a partir dun mellor coñecemento do estado da contaminación e dos seus efectos, e poder avaliar a eficacia das medidas adoptadas, instase o Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, a elaborar os indicadores que sexan precisos.

O capítulo V da lei está dedicado á promoción de instrumentos de fomento da protección da atmosfera no entendemento de que a loita contra a contaminación require do concurso de múltiples accións en moi diversos ámbitos. Para tal efecto, esta lei identifica ata catro ámbitos nos cales a actuación pública pode render importantes froitos e propón medidas ao respecto. Concretamente os catro ámbitos previstos son: acordos voluntarios, sistemas de xestión e auditorías ambientais, investigación, desenvolvemento e innovación e formación e sensibilización pública.

O capítulo VI ocúpase dos aspectos relativos ao control, á inspección, á vixilancia e ao seguimento para garantir o cumprimento desta lei. Por unha parte atribúelle ás comunidades autónomas e entidades locais, conforme as súas competencias, a responsabilidade da adopción das medidas de inspección necesarias e aos funcionarios que realicen a inspección o carácter de axentes da autoridade. En segundo lugar, establece un sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica para que as administracións públicas dispoñan da información precisa para cumprir esta lei; asigna a súa coordinación ao Ministerio de Medio Ambiente e regula como se abastecerá o sistema, sinalando particularmente a responsabilidade do Goberno de elaborar os inventarios españois de emisións e a de establecer regulamentariamente un sistema español de inventario acorde coas directrices e criterios comunitarios e internacionais vixentes. En terceiro lugar inclúe disposicións relativas ás estacións, redes e outros sistemas de avaliación da calidade do aire que deben dispoñer as comunidades autónomas e á información obtida destas.

O capítulo VII está dedicado ao réxime sancionador. Un réxime que pretende ser coherente co enfoque integral e integrador desta lei, cos principios que a inspiran, en particular, os de que quen contamina paga e de pre-

vención da contaminación na fonte e co feito particular de que os efectos adversos da contaminación atmosférica sobre o ambiente atmosférico nin son en gran parte das ocasións reparables nin as súas causas son doadamente identificables e cuantificables. Consecuentemente, no réxime sancionador desta lei concédeselles especial relevancia aos aspectos relativos á prevención, tanto na tipificación das sancións como na súa graduación. De igual modo, esta preocupación pola prevención tamén se reflicte na inclusión dun artigo relativo ás medidas de carácter provisional, no cal se lle dá a posibilidade ao órgano autonómico de adoptar este tipo de medidas para impedir a continuidade na produción do risco ou do dano, e doutra disposición que habilita a execución subsidiaria e á custa do suxeito responsable das medidas preventivas e reparadoras que deba adoptar cando se produza unha ameaza inminente de dano ou se producise un dano.

IV

Na parte derradeira da lei inclúense, en primeiro lugar, nove disposicións adicionais. A primeira refírese ao réxime sancionador aplicable no suposto de comercio internacional e intracomunitario. A segunda exclúe do réxime previsto nesta lei aquelas categorías de actividades incluídas no ámbito da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. A terceira prevé unha restrición sobre os valores límite exixibles para conceder a autorización no suposto de actividades suxeitas á Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. En canto ás disposicións adicionais cuarta e quinta refírense á contaminación lumínica e á aplicación das leis reguladoras da defensa nacional.

Nesta parte derradeira tamén se recolle unha disposición transitoria sobre o réxime aplicable ás instalacións existentes, unha disposición derogatoria única mediante a que se derroga expresamente a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, e o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, e dez disposicións derradeiras entre as que cabe destacar as seguintes: a disposición derradeira primeira, que modifica a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, prevendo que o posuidor dos residuos de construción e demolición estará obrigado a separalos por tipos de materiais, nos termos que se estableza regulamentariamente. En segundo lugar, a disposición derradeira segunda, que modifica a Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co fin de desincentivar o uso de aeronaves ruidosas mediante a aplicación de penalizacións sobre o importe que teñen que pagar por aterraxe aquelas aeronaves que superen os límites establecidos, sen pretender a recuperación dos custos asociados aos servizos de mitigación, control e vixilancia do ruído nos aeroportos. A disposición derradeira terceira modifica a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

A través da disposición derradeira cuarta régulase a entrada en vigor da disposición adicional sétima da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

A disposición derradeira sexta relativa ao fundamento constitucional, na cal se sinala que esta lei se dita ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas na Constitución en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente. Por último, a disposición derradeira novena mediante a cal, ademais de facultar o Goberno para efectuar o desenvolvemento regulamentario desta lei e actualizar os seus anexos, é instado a que, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor e logo de consulta coas comunidades autónomas, actualice o seu

anexo IV relativo ao catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto establecer as bases en materia de prevención, vixilancia e redución da contaminación atmosférica co fin de evitar e, cando isto non sexa posible, minorar os danos que desta poidan derivar para as persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Están suxeitas ás prescricións desta lei todas as fontes dos contaminantes relacionados no anexo I correspondentes ás actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera enumeradas no anexo IV, xa sexan de titularidade pública ou privada.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei e rexeranse pola súa normativa específica:

- a) Os rúidos e vibracións.
- b) As radiacións ionizantes e non ionizantes.
- c) Os contaminantes biolóxicos.

3. Quedan excluídas, así mesmo, do ámbito de aplicación desta lei as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e as actividades correspondentes de protección de persoas e bens, que se rexerán pola normativa específica de protección civil.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos do disposto por esta lei entenderase por:

a) «Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera»: aquelas que pola súa propia natureza, localización ou polos procesos tecnolóxicos utilizados, constitúan unha fonte de contaminación cuxas características poden requirir que sexan sometidas a un réxime de control e seguimento máis estrito.

b) «Aglomeración»: conurbación de poboación superior a 250.000 habitantes ou ben, cando a poboación sexa igual ou inferior a 250.000 habitantes, coa densidade de poboación por km² que determinen as comunidades autónomas.

c) «Ameaza inminente de dano»: unha probabilidade suficiente de que se produzan danos para a saúde humana ou o ambiente nun futuro próximo.

d) «Autorización administrativa»: é a resolución do órgano competente que determine a comunidade autónoma en que se sitúe a instalación pola que se permite, co obxecto de previr, vixiar e reducir a contaminación atmosférica, explotar a totalidade ou parte dunha instalación baixo determinadas condicións, destinada a garantir que esta cumpre o obxecto e as disposicións desta lei. Tal autorización poderá ser válida para unha ou máis instalacións que teñan a mesma situación e sexan explotadas polo mesmo titular.

e) «Contaminación atmosférica»: a presenza na atmosfera de materias, substancias ou formas de enerxía que impliquen molestia grave, risco ou dano para a saúde ou a saúde das persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza.

f) «Contaminación lumínica»: o resplandor luminoso nocturno ou brillo producido pola difusión e reflexión da luz nos gases, aerosois e partículas en suspensión na atmosfera, que altera as condicións naturais das horas

nocturnas e dificulta as observacións astronómicas dos obxectos celestes; débese distinguir o brillo natural, atribuíble á radiación de fontes ou obxectos celestes e á luminescencia das capas altas da atmosfera, do resplandor luminoso debido ás fontes de luz instaladas na iluminación exterior.

g) «Emisión»: descarga á atmosfera continua ou descontinua de materias, substancias ou formas de enerxía procedentes, directa ou indirectamente, de calquera fonte susceptible de producir contaminación atmosférica.

h) «Emisións procedentes de fontes naturais»: emisións de contaminantes non producidos directa ou indirectamente por actividades humanas, incluíndo fenómenos naturais tales como erupcións volcánicas, actividades sísmicas, actividades xeotérmicas, incendios non intencionados na natureza, ventos fortes, sales mariños ou a resuspensión atmosférica ou o transporte de partículas naturais de rexións áridas.

i) «Avaliación»: o resultado de aplicar calquera método que permita medir, calcular, predicir ou estimar as emisións, os niveis ou os efectos da contaminación atmosférica.

j) «Instalación»: calquera unidade técnica fixa, móbil ou transportable onde se desenvolva unha ou máis das actividades enumeradas no anexo IV desta lei, así como calquera outra actividade directamente vinculada con aquelas que garden relación de índole técnica coas actividades levadas a cabo no devandito lugar e poidan ter repercusións sobre as emisións e a contaminación.

k) «Instalación existente»: calquera instalación en funcionamento e autorizada con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei ou que solicitase as correspondentes autorizacións exixibles pola normativa aplicable, sempre que se poña en funcionamento como moito 12 meses despois da devandita data.

l) «Mellores técnicas dispoñibles»: a fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostran a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír, en principio, a base dos valores límite de emisión destinados a evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir en xeral as emisións de contaminantes e o impacto no conxunto do ambiente e da saúde das persoas. Para a súa determinación deberanse tomar en consideración os aspectos que se enumeran no anexo 4 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación. Para estes efectos entenderase por:

«Técnicas»: a tecnoloxía utilizada, xunto coa forma en que a instalación estea deseñada, construída, mantida, explotada ou paralizada.

«Dispoñibles»: as técnicas desenvolvidas a unha escala que permita a súa aplicación no contexto do correspondente sector, en condicións económicas e tecnicamente viables, tomando en consideración os custos e os beneficios, tanto se as técnicas se utilizan ou producen en España como se non, sempre que o titular poida ter acceso a elas en condicións razoables.

«Mellores»: as técnicas máis eficaces para alcanzar un alto nivel xeral de protección do ambiente no seu conxunto e da saúde das persoas.

m) «Modificación substancial»: calquera modificación realizada nunha instalación que, de acordo cos criterios establecidos no artigo 14, poida ter repercusións negativas significativas sobre a contaminación atmosférica.

n) «Nivel de contaminación»: cantidade dun contaminante no aire ou o seu depósito en superficies con referencia a un período de tempo determinado.

ñ) «Obxectivo de calidade do aire»: a contía de cada contaminante na atmosfera, illadamente ou asociado con outros, cuxo establecemento leva consigo obrigas con-

forme as condicións que se determinen para cada un deles.

o) «PM10»: partículas que pasan a través do cabezal de mostraxe definido na norma EN 12341, cun rendemento de separación do 50% para un diámetro aerodinámico de 10 μm .

p) «PM2,5»: partículas que pasan a través do cabezal de mostraxe definido na norma EN 14907, cun rendemento de separación do 50% para un diámetro aerodinámico de 2,5 μm .

q) «Titular»: calquera persoa física ou xurídica que explote ou posúa a instalación.

r) «Limiar de alerta»: nivel a partir do cal unha exposición de breve duración supón un risco para a saúde humana que afecta o conxunto da poboación e que require a adopción de medidas inmediatas.

s) «Limiar de información»: nivel a partir do cal unha exposición de breve duración supón un risco para a saúde dos sectores especialmente vulnerables da poboación e que require a subministración de información inmediata e apropiada.

t) «Valor límite de emisión»: contía dun ou máis contaminantes en emisión que non se debe superar dentro dun ou varios períodos e condicións determinados, co fin de previr ou reducir os efectos da contaminación atmosférica.

u) «Zona»: parte do territorio delimitada pola Administración competente para a avaliación e xestión da calidade do aire.

Artigo 4. *Principios reitores.*

1. A aplicación desta lei basearase nos principios de cautela e acción preventiva, de corrección da contaminación na fonte mesma e de que quen contamina paga.

2. Dentro das súas respectivas competencias, os poderes públicos adoptarán cantas medidas sexan necesarias para alcanzar e manter un nivel de protección elevado das persoas e do ambiente. Pola súa banda, os particulares esforzaranse en contribuír a evitar e reducir a contaminación atmosférica.

3. Na aplicación e desenvolvemento desta lei promoverase a integración das consideracións relativas á protección da atmosfera nas distintas políticas sectoriais como unha variable clave para conseguir un desenvolvemento sustentable.

4. Con miras a lograr un desenvolvemento sustentable en materia de calidade do aire e protección da atmosfera, promoveranse e difundiranse as modalidades máis eficaces para o desenvolvemento, a aplicación e a difusión de tecnoloxías, coñecementos especializados, prácticos e procesos ecoloxicamente racionais no relativo á protección da atmosfera e adoptaranse as medidas necesarias para promover, facilitar e apoiar, segundo corresponda, o acceso a eses recursos.

Artigo 5. *Competencias das administracións públicas.*

1. Correspóndenlle á Administración xeral do Estado nas materias relacionadas con esta lei as seguintes competencias:

a) Actualizar, coa participación das comunidades autónomas, a relación de contaminantes e o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.

b) Definir e establecer, coa participación das comunidades autónomas, os obxectivos de calidade do aire, os limiares de alerta e de información e os valores límite de emisión, sen prexuízo dos valores límite de emisión que poidan establecer as comunidades autónomas en aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

c) Definir, coa participación das comunidades autónomas, os requisitos mínimos a que se deben axustar as estacións, redes, métodos e outros sistemas de avaliación da calidade do aire.

d) Definir, coa participación das comunidades autónomas, as metodoloxías para estimar as fontes naturais e os procedementos para coñecer a súa incidencia nos valores rexistrados de certos contaminantes.

e) Elaborar, coa participación das comunidades autónomas, e aprobar os plans e programas de ámbito estatal necesarios para cumprir a normativa comunitaria e os compromisos que deriven dos acordos internacionais sobre contaminación atmosférica transfronteiriza.

f) Elaborar e actualizar periodicamente os inventarios españois de emisións. Realizar a avaliación, o seguimento e a recompilación da información técnica sobre a contaminación de fondo para o cumprimento das obrigas derivadas de convenios ou doutro tipo de compromisos internacionais sobre contaminación transfronteiriza. A información obtida integrarase no sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica e seralles facilitada periodicamente ás comunidades autónomas.

g) Coordinar o sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica.

h) Coordinar, co fin de lograr a coherencia das actuacións das administracións públicas afectadas, a adopción das medidas necesarias para afrontar situacións adversas relacionadas coa protección da atmosfera ou relativas á calidade do aire, cuxa dimensión exceda o territorio dunha comunidade autónoma.

2. As comunidades autónomas, no exercicio das súas competencias, avaliarán a calidade do aire, poderán establecer obxectivos de calidade do aire e valores límite de emisión máis estritos que os que estableza a Administración xeral do Estado de acordo co artigo 5.1, adoptarán plans e programas para a mellora da calidade do aire e o cumprimento dos obxectivos de calidade no seu ámbito territorial, adoptarán as medidas de control e inspección necesarias para garantir o cumprimento desta lei e exercerán a potestade sancionadora.

Neste sentido, establecerán, dentro do ámbito do seu territorio, criterios comúns que definan os procedementos de actuación dos organismos de control autorizados (OCA) con que contén, así como as relacións destes coas diferentes administracións competentes da súa comunidade autónoma.

3. Correspóndelles ás entidades locais exercer aquelas competencias en materia de calidade do aire e protección da atmosfera que teñan atribuídas no ámbito da súa lexislación específica, así como aquelas que lles sexan atribuídas no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación das comunidades autónomas nesta materia.

As entidades locais, no ámbito das súas competencias, deberán adaptar as ordenanzas existentes e o plan urbanístico ás previsións desta lei e das súas normas de desenvolvemento.

4. Cada unha das administracións citadas neste artigo, no ámbito das súas competencias, elaborará un sistema de control e garantía de calidade que asegure a exhaustividade, a coherencia, transparencia, comparabilidade e confianza en todo o proceso comprendido desde as medicións ou estimacións dos contaminantes ata a elaboración dos informes relativos a eses contaminantes, así como a implantación das recomendacións derivadas da aplicación do sistema de control e garantía de calidade.

Artigo 6. *Cooperación e colaboración interadministrativa.*

1. Para garantir a aplicación desta lei as administracións públicas axustarán as súas actuacións aos principios de información mutua, cooperación e colaboración. En particular, deberanse prestar a debida asistencia para asegurar a eficacia e coherencia das súas actuacións, especialmente nos supostos en que a contaminación atmosférica afecte un ámbito territorial superior ao dun municipio ou comunidade autónoma.

2. No suposto de que se superen os obxectivos de calidade do aire fixados nun ámbito territorial superior ao dunha comunidade autónoma, as comunidades autónomas afectadas prestaranse asistencia mutua, nos termos previstos nos respectivos plans para reducir os niveis de contaminación. A Administración xeral do Estado colaborará para este fin coas comunidades autónomas afectadas ou que, sen estalo, contribuísen a xerar a devandita situación.

3. Nos supostos en que a superación dos obxectivos de calidade do aire afecten zonas fronteirizas con outro Estado, a comunidade autónoma informará diso e das medidas adoptadas ao Ministerio de Medio Ambiente para o seu envío ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Este departamento comunicarllo ao Estado afectado para a súa información e, se é o caso, para levar a cabo a colaboración que se considere pertinente.

Artigo 7. *Obrigas dos titulares de instalacións onde se desenvolvan actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.*

1. Sen prexuízo daquelas outras obrigas que poidan establecer as comunidades autónomas, os titulares de instalacións onde se desenvolvan actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera recollidas no catálogo que figura no anexo IV deberán:

a) Cumprir as obrigas que deriven do disposto no artigo 13.

b) Respetar os valores límite de emisión nos casos en que regulamentariamente estean establecidos.

c) Poñer en coñecemento inmediato da comunidade autónoma competente e adoptar, sen demora e sen necesidade de requirimento ningún, as medidas preventivas necesarias cando exista unha ameaza inminente de dano significativo por contaminación atmosférica procedente da instalación do titular.

d) Adoptar sen demora e sen necesidade de requirimento ningún e poñer en coñecemento inmediato da comunidade autónoma competente as medidas para evitar novos danos cando se cause unha contaminación atmosférica na instalación do titular que produciase un dano para a seguranza ou a saúde das persoas e para o ambiente.

e) Cumprir os requisitos técnicos que lles sexan de aplicación conforme estableza a normativa e, en todo caso, salvaguardando a saúde humana e o ambiente.

f) Cumprir as medidas contidas nos plans a que se refire o artigo 16.

g) Realizar controis das súas emisións e, cando corresponda, da calidade do aire, na forma e periodicidade previstas na normativa aplicable.

h) Facilitar a información que lles sexa solicitada polas administracións públicas no ámbito das súas competencias.

i) Facilitar os actos de inspección e de comprobación que leve a cabo a comunidade autónoma competente, nos termos e coas garantías que estableza a lexislación vixente.

2. Os titulares de instalacións onde se desenvolvan actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera recollidas nos grupos A e B do anexo IV desta lei deberán cumprir, ademais, coas seguintes obrigas:

a) Notificarlle ao órgano competente que determine a comunidade autónoma a transmisión, cesamento ou clausura das actividades e instalacións.

b) Nos casos en que regulamentariamente se fixase a obriga de contar con estacións de medida dos niveis de contaminación, integrar as devanditas estacións nas redes das comunidades autónomas a que se refire o artigo 27.

c) Manter un rexistro dos controis de emisións e niveis de contaminación, e someterse ás inspeccións regulares relativas a estes, nos casos e termos en que estea previsto na normativa aplicable.

Artigo 8. *Información ao público.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, tomarán cantas medidas sexan necesarias para garantir que o público en xeral e as entidades interesadas tales como as organizacións ecoloxistas, empresariais, de consumidores e sanitarias, reciban información axeitada e oportuna acerca da calidade do aire, dos indicadores ambientais elaborados polo Ministerio de Medio Ambiente, de acordo co previsto no artigo 19.1 e dos plans e programas para a protección da atmosfera e para minimizar os efectos negativos da contaminación atmosférica. Esta información subministrarse de forma clara e comprensible a través de medios de difusión doadamente accesibles, incluída a internet.

Esta información incluírá obrigatoriamente:

– A situación da calidade do aire en relación cos obxectivos de calidade vixentes para cada contaminante.

– Información periódica sobre a contaminación de fondo.

– No caso de que para determinados contaminantes se establezan descontos debidos a emisións de fontes naturais para o cálculo respecto do incumprimento de obxectivos de calidade informarase axeitadamente da metodoloxía seguida e da xustificación para a aplicación de tales descontos.

– A información sobre a calidade do aire que España lle remite anualmente á Comisión Europea en cumprimento das obrigas previstas na normativa comunitaria en materia de calidade do aire.

2. As administracións públicas tamén farán públicos polos medios sinalados os estudos sobre calidade do aire e saúde que se encarguen no ámbito das súas competencias.

3. As comunidades autónomas informarán periodicamente a poboación do nivel de contaminación e, de xeito específico, cando se superen os obxectivos de calidade do aire. Nos supostos en que se superen os limiares de información e alerta previstos regulamentariamente, a comunidade autónoma afectada informará tamén os órganos competentes en cada caso en materia sanitaria, de ambiente e de protección civil conforme os plans de acción e protocolos establecidos no marco de protección civil.

4. Os municipios con poboación superior a 100.000 habitantes e os que formen parte dunha aglomeración, de acordo coa definición desta lei, disporán de datos para informar a poboación sobre os niveis de contaminación e a calidade do aire.

CAPÍTULO II

Avaliación e xestión da calidade do aire

Artigo 9. *Contaminantes atmosféricos e obxectivos de calidade do aire.*

1. O Goberno, coa participación das comunidades autónomas, co fin de previr ou reducir a contaminación atmosférica e os seus efectos, revisará polo menos cada cinco anos a relación de contaminantes que figura no anexo I e, se é o caso, actualizaraa tomando en consideración as directrices relacionadas no anexo II e definirá e establecerá, conforme os factores que figuran no anexo III, os obxectivos de calidade do aire, así como as condicións e prazos para alcanzalos.

2. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para manter e, se é o caso, mellorar a calidade do aire e cumprir os obxectivos que se establezan, de conformidade co establecido nesta lei.

3. Cando se superen os obxectivos de calidade do aire ou exista un risco de que isto aconteza, a comunidade autónoma competente adoptará as medidas axeitadas para evitar ou mitigar a contaminación.

4. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, estarán obrigadas a velar por que a calidade do aire se manteña dentro dos límites legais establecidos. Os cidadáns e as organizacións sociais que velen pola saúde e a preservación do ambiente poderán demandalo cos instrumentos legais que prevé o ordenamento xurídico español.

Artigo 10. *Avaliación da calidade do aire.*

1. As comunidades autónomas e, se é o caso, as entidades locais nos termos do artigo 5.3, avaliarán regularmente a calidade do aire no seu correspondente ámbito territorial, conforme o disposto na normativa vixente que en cada caso sexa de aplicación, os criterios específicos que regulamentariamente se establezan en relación aos distintos obxectivos de calidade do aire e os métodos establecidos pola Unión Europea nesta materia.

Para os efectos do previsto no artigo 8.3, as aglomeracións deberán dispor, por si mesmas ou en colaboración coas comunidades autónomas, de estacións e redes de avaliación da calidade do aire.

2. Unha vez establecidos os obxectivos de calidade do aire a que se refire o artigo anterior, as comunidades autónomas e, se é o caso, as entidades locais nos termos do artigo 5.3, deberán realizar unha avaliación preliminar dos niveis de contaminación en relación cos contaminantes a que se refiran os obxectivos de calidade do aire, naquelas partes dos seus territorios onde non existan medicións representativas dos devanditos niveis.

Artigo 11. *Zonificación do territorio.*

1. De acordo coas avaliacións a que se refire o artigo 10, as comunidades autónomas, coa participación das entidades locais, zonificarán o seu territorio segundo os niveis dos contaminantes para os que se establecesen obxectivos de calidade do aire e conforme estas elaborarán listas diferenciadas de zonas e aglomeracións.

2. A Administración xeral do Estado, de acordo coa información que lle sexa subministrada polas comunidades autónomas nos termos regulados no artigo 28, integrará as zonas do territorio do Estado.

3. A información utilizada para a zonificación a que fai referencia este artigo deberá ser tida en conta polas administracións públicas na elaboración e aprobación de plans urbanísticos e de ordenación do territorio, así como

na tramitación dos procedementos de autorización de actividades e instalacións potencialmente contaminadoras da atmosfera.

CAPÍTULO III

Prevenición e control das emisións

Artigo 12. *Control das emisións.*

1. O Goberno, coa participación das comunidades autónomas, poderá establecer mediante real decreto valores límite de emisión para os contaminantes, en particular, para os enumerados no anexo I e para as actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera enumeradas no anexo IV desta lei.

2. O Goberno, coa participación das comunidades autónomas, poderá establecer mediante real decreto obrigas específicas para a fabricación, importación, adquisición intracomunitaria, transporte, distribución, posta no mercado ou utilización e xestión durante o seu ciclo de vida daqueles produtos que poidan xerar contaminación atmosférica.

3. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, velarán para que se adopten as medidas necesarias e as prácticas axeitadas nas actividades e instalacións, que permitan evitar ou reducir a contaminación atmosférica aplicando, na medida do posible, as mellores técnicas dispoñibles e empregando os combustibles menos contaminantes. Así mesmo, as entidades privadas e os particulares esforzaranse no exercicio das súas actividades cotiás en contribuír á redución dos contaminantes da atmosfera.

Artigo 13. *Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.*

1. Para os efectos desta lei considéranse como actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera as incluídas no catálogo que figura no anexo IV.

O Goberno coa participación das comunidades autónomas revisará, polo menos cada cinco anos, o anexo IV e, se é o caso, actualizarao.

2. Sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas exixibles por outras disposicións, quedan sometidas a procedemento de autorización administrativa das comunidades autónomas e nos termos que estas determinen, a construción, montaxe, explotación, traslado ou modificación substancial daquelas instalacións en que se desenvolva algunha das actividades incluídas no catálogo recollido no anexo IV desta lei e que figuran nese anexo como pertencentes aos grupos A e B. As actividades incluídas no grupo A estarán suxeitas a uns requisitos de control de emisións máis exixentes que aquelas incluídas no grupo B.

Estas autorizacións concederanse por un tempo determinado que en ningún caso será superior a oito anos, pasado o cal poderán ser renovadas por períodos sucesivos.

3. A construción, montaxe, explotación, traslado, modificación substancial, cesamento ou clausura daquelas instalacións en que se desenvolva algunha das actividades incluídas no catálogo recollido no anexo IV e que figuran como pertencentes ao grupo C deberalle ser notificada ao órgano competente da comunidade autónoma nas condicións que determine a súa normativa.

4. A autorización a que fai referencia o número 2 terá o contido mínimo seguinte:

a) Os valores límite de emisión dos contaminantes, en particular os enumerados no anexo I, que poidan ser emitidos pola instalación e, se é o caso, os parámetros ou as medidas técnicas que os complementen ou substitúan.

b) As prescricións para reducir a contaminación a longa distancia ou transfronteiriza, se é o caso.

c) Os sistemas e procedementos para o tratamento e control, con especificación da metodoloxía de medición, a súa frecuencia e os procedementos para avaliar as medicións.

d) As medidas relativas ás condicións de explotación en situacións distintas das normais que poidan afectar o ambiente, como a posta en marcha, fugas, fallos de funcionamento, paradas temporais ou peche definitivo.

e) O prazo polo que se outorga a autorización.

5. A comunidade autónoma competente non poderá autorizar a construción, montaxe, explotación, traslado ou modificación substancial de instalacións en que se desenvolvan actividades recollidas no catálogo incluído no anexo IV desta lei e que figuran no devandito anexo como pertencentes aos grupos A e B, se queda demostrado que o incremento da contaminación da atmosfera previsto pola instalación de que se trate, en razón das emisións que o seu funcionamento ocasiona, dá lugar a que se superen os obxectivos de calidade do aire.

6. Cando lle corresponda ao órgano ambiental da Administración xeral do Estado a formulación da declaración de impacto ambiental, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, e a súa normativa de desenvolvemento, non se poderá outorgar a autorización a que se refire este artigo, sen que previamente se ditase a devandita declaración.

Para estes efectos, o órgano ambiental estatal, tan pronto como formulase a declaración de impacto ambiental ou tras a resolución, se é o caso, polo Consello de Ministros de discrepancias co órgano substantivo, remitirá unha copia desta ao órgano competente da comunidade autónoma, que deberá incorporar o seu condicionado ao contido da devandita autorización.

Artigo 14. *Modificación substancial da instalación.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 13, corresponderalles ás comunidades autónomas concretar en que termos a modificación dunha instalación é cualificada como substancial.

2. Co fin de cualificar a modificación dunha instalación como substancial as comunidades autónomas considerarán a incidencia da modificación proxectada sobre a contaminación atmosférica, de acordo cos seguintes criterios:

- a) O tamaño e produción da instalación.
- b) O seu consumo de enerxía.
- c) A contía e tipoloxía de contaminación producida.
- d) O nivel de contaminación existente na zona respecto dos obxectivos de calidade do aire establecidos.

Artigo 15. *Contaminación intercomunitaria e transfronteiriza.*

1. Cando unha instalación poida ter repercusións significativas sobre a calidade do aire doutra comunidade autónoma, doutro Estado membro da Unión Europea ou de terceiros Estados, o órgano competente da comunidade autónoma onde se vaia situar aquela remitiralle unha copia da solicitude de autorización e de toda a documentación que sexa relevante á comunidade autónoma afectada ou ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, para a súa remisión ao Estado potencialmente afectado, para que poidan formular alegacións antes de que se dite resolución definitiva.

A resolución que finalmente se adopte seralle comunicada á comunidade autónoma afectada ou, a través do

Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, ao Estado afectado.

2. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación manterá informado o Ministerio de Medio Ambiente sobre as actuacións desenvolvidas, e este trasladaralle á comunidade autónoma afectada a citada información.

CAPÍTULO IV

Planificación

Artigo 16. Plans e programas para a protección da atmosfera e para minimizar os efectos negativos da contaminación atmosférica.

1. O Goberno, no ámbito das súas competencias, co fin de cumprir a normativa comunitaria e os compromisos que deriven dos acordos internacionais de que España sexa parte, aprobará os plans e programas de ámbito estatal que sexan necesarios para previr e reducir a contaminación atmosférica e os seus efectos transfronteirizos, así como para minimizar os seus impactos negativos. Estes plans e programas fixarán obxectivos específicos, as medidas necesarias para a súa consecución e o procedemento para a súa revisión, e serán elaborados e actualizados coa participación das comunidades autónomas. Poderán incluír, ademais, actuacións para fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como o intercambio de información, a cooperación institucional e a cooperación internacional.

2. As comunidades autónomas, nos prazos regulamentariamente establecidos, adoptarán como mínimo os seguintes plans e programas para a mellora da calidade do aire e o cumprimento dos obxectivos de calidade do aire no seu ámbito territorial, así como para minimizar ou evitar os impactos negativos da contaminación atmosférica:

a) De mellora da calidade do aire para acadar os obxectivos de calidade do aire nos prazos fixados, nas zonas en que os niveis dun ou máis contaminantes regulados superen os devanditos obxectivos.

Nestes plans identificaranse as fontes de emisión responsables dos obxectivos de calidade, fixaranse obxectivos cuantificados de redución de niveis de contaminación para cumprir a lexislación vixente, indicaranse as medidas ou proxectos de mellora, calendario de aplicación, estimación da mellora da calidade do aire que se espera conseguir e do prazo previsto para acadar os obxectivos de calidade.

Os plans tamén preverán procedementos para o seguimento do seu cumprimento e para a súa revisión. A revisión destes plans deberase producir cando a situación da calidade do aire así o aconselle ou cando exista constancia de que coas medidas aplicadas non se alcanzaran os obxectivos de calidade nos prazos estipulados.

Nestes plans integraranse plans de mobilidade urbana, que, se é o caso, poderán incorporar os plans de transporte de empresa que se acorden mediante negociación colectiva, de cara ao fomento de modos de transporte menos contaminantes.

b) De acción a curto prazo en que se determinen medidas inmediatas e a curto prazo para as zonas e supostos en que exista risco de superación dos obxectivos de calidade do aire e os limiares de alerta.

Nestes plans identificarase a Administración que en cada caso sexa responsable para a execución das medidas. Ademais, nestes plans poderanse prever medidas de control ou suspensión daquelas actividades que sexan significativas na situación de risco, incluído o tráfico.

3. Para a elaboración dos seus plans e programas, as comunidades autónomas deberán ter en conta os plans e

programas a que se refire o número 1. Así mesmo, aplicarán os principios de cooperación e colaboración respecto das previsións que se establezan para os supostos en que a contaminación atmosférica afecte un ámbito territorial superior ao dunha comunidade autónoma, ou o seu ámbito inclúa actividades, infraestruturas ou zonas de competencia doutras administracións públicas.

4. As entidades locais poderán elaborar, no ámbito das súas competencias, os seus propios plans e programas. Para a elaboración destes plans e programas deberanse ter en conta os plans de protección da atmosfera das respectivas comunidades autónomas.

Así mesmo, as entidades locais, co obxecto de alcanzar os obxectivos desta lei, poderán adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, incluíndo restricións aos vehículos máis contaminantes, a certas matrículas, a certas horas ou a certas zonas, entre outras.

Os municipios con poboación superior a 100.000 habitantes e as aglomeracións, nos prazos regulamentariamente establecidos, adoptarán plans e programas para o cumprimento e mellora dos obxectivos de calidade do aire, no marco da lexislación sobre seguranza viaria e da planificación autonómica.

5. Para a revisión dos plans regulados neste artigo teranse en conta, entre outros aspectos, os indicadores ambientais a que fai referencia o artigo 19.

6. Os plans e programas regulados neste artigo serán determinantes para os diferentes instrumentos de plan urbanístico e de ordenación do territorio. Se tales instrumentos contradín ou non acollen o contido dos plans e programas regulados neste artigo, esta decisión deberase motivar e facer pública.

Así mesmo, estes plans e programas poderán incluír prescricións de obrigado cumprimento para os cidadáns. Para iso, os ditos plans e programas deberán ser obxecto de publicación.

7. Os citados plans e programas incorporarán as evidencias epidemiolóxicas e a perspectiva de protección de saúde pública nas decisións que afectan a calidade do aire.

Artigo 17. Participación pública.

Os plans a que se refire o artigo anterior deberán ser elaborados e modificados garantindo a participación pública, nos termos previstos nos artigos 16 e 17 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso a información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Artigo 18. Integración da protección da atmosfera en políticas sectoriais.

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán integrar as consideracións relativas á protección da atmosfera na planificación, desenvolvemento e execución das distintas políticas sectoriais.

2. Nos supostos en que as actuacións sectoriais poidan ter efectos significativos na conservación da atmosfera e sen prexuízo do establecido por outras disposicións, as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, velarán para que as devanditas actuacións non superen os obxectivos de calidade do aire establecidos e para que, en todo caso, os seus posibles impactos sexan debidamente minimizados nas fases de deseño e planificación da actuación, debendo figurar a devandita valoración na memoria correspondente da actuación de que se trate.

Artigo 19. *Indicadores ambientais.*

1. Para facilitar un mellor coñecemento do estado da contaminación atmosférica e os seus efectos, e avaliar a eficacia das medidas que se adopten para a súa prevención e redución de conformidade co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, o Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración cos departamentos ministeriais afectados e as comunidades autónomas, elaborará os indicadores que sexan precisos e efectuará a súa revisión anual.

2. Na elaboración e revisión dos indicadores teranse en conta as directrices e criterios vixentes no ámbito comunitario e internacional e a información obtida do seguimento dos plans de protección da atmosfera a que se refire o artigo 16.

CAPÍTULO V

Instrumentos de fomento de protección da atmosfera

Artigo 20. *Acordos voluntarios.*

Os acordos voluntarios que as comunidades autónomas subscriban cos axentes económicos e particulares terán forza executiva cando o seu obxectivo sexa a redución da carga contaminante emitida nas condicións máis estritas ás previstas na lexislación que sexa de aplicación e, en particular, indistintamente:

- a) O cumprimento duns valores límite de emisión máis estritos que os establecidos pola lexislación.
- b) O cumprimento dos valores límite de emisión nun prazo inferior ao que, se é o caso, estableza a normativa.

Os acordos voluntarios publicaranse nos respectivos diarios oficiais e os resultados obtidos serán obxecto de publicidade e de seguimento periódico polas comunidades autónomas.

Artigo 21. *Sistemas de xestión e auditorías ambientais.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, fomentarán a implantación voluntaria de sistemas de xestión e auditorías ambientais en todos os sectores de actividade públicos e privados que sexan fontes de emisión, co obxecto de promover unha produción e un mercado máis sustentable e contribuír así á redución da contaminación atmosférica.

Artigo 22. *Investigación, desenvolvemento e innovación.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, fomentarán e incentivarán, se é o caso, a investigación, o desenvolvemento e a innovación para previr e reducir a contaminación atmosférica e os seus efectos nas persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza, prestando particular atención a promover:

- a) O coñecemento sobre os contaminantes, a contaminación atmosférica, as súas causas e dinámica, así como a metodoloxía de avaliación.
- b) O coñecemento sobre os efectos da contaminación atmosférica na saúde, os sistemas naturais, sociais e económicos, a súa prevención e a adaptación a estes.
- c) O desenvolvemento de tecnoloxías e produtos máis respectuosos co ambiente.
- d) O fomento do aforro e a eficiencia enerxética e o uso racional dos recursos naturais.

e) O deseño e aplicación de instrumentos xurídicos, económicos, sociais e institucionais que contribúan a un desenvolvemento sustentable.

f) A colaboración multidisciplinar na investigación dos aspectos relativos á interacción entre a calidade do aire e a saúde da poboación.

Artigo 23. *Contratación pública.*

As administracións públicas e demais entidades suxeitas á lexislación sobre contratación pública promoverán, no ámbito das súas competencias, a aplicación de medidas de prevención e redución da contaminación atmosférica de acordo coa normativa vixente sobre contratos do sector público.

Artigo 24. *Formación e sensibilización pública.*

A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, fomentarán a formación e sensibilización do público co obxecto de propiciar que os cidadáns se esforcen en contribuír, desde os diferentes ámbitos sociais, á protección da atmosfera. Para tal fin prestarán especial interese:

- a) Ao apoio ao movemento asociativo e o fomento do voluntariado.
- b) Á formación nos ámbitos educativos, profesionais e empresariais.
- c) Á difusión de campañas de sensibilización pública e concienciación, tendentes ao coñecemento da calidade do aire, en xeral, e ao impacto desta, de acordo cos hábitos e estilos de vida en particular.
- d) Á orientación ao consumidor sobre os produtos energeticamente máis eficientes e menos contaminantes.

Para tal efecto, a Administración xeral do Estado poderá colaborar mediante a subscripción dos oportunos convenios coas comunidades autónomas, nas actuacións que se proxecten.

Artigo 25. *Fiscalidade ambiental.*

As administracións públicas promoverán, no ámbito das súas competencias, o uso da fiscalidade ecolóxica e doutros instrumentos de política económica ambiental para contribuír aos obxectivos desta lei.

CAPÍTULO VI

Control, inspección, vixilancia e seguimento

Artigo 26. *Control e inspección.*

1. As comunidades autónomas e, se é o caso, as entidades locais nos termos do artigo 5.3, serán as competentes para adoptar as medidas de inspección necesarias para garantir o cumprimento desta lei.

2. Os funcionarios que realicen as tarefas de inspección a que se refire o punto anterior, terán o carácter de axentes da autoridade para os efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, no exercicio das súas funcións, poderán acceder a calquera lugar da instalación ou dependencia de titularidade pública ou privada, con respecto, en todo caso, á inviolabilidade do domicilio.

Artigo 27. Sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica.

1. O Ministerio de Medio Ambiente coordinará o sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica que terá por finalidade permitir o intercambio recíproco de información entre as distintas administracións públicas para o cumprimento das obrigas derivadas desta lei e da normativa comunitaria e internacional.

2. Este sistema abastecerase da información xerada polas administracións públicas e polos titulares, a través daquelas, así como de calquera outro dato relevante para os efectos desta lei. Co fin de que o sistema sexa o máis eficiente posible as administracións públicas esforzaranse en actuar de xeito coordinado.

3. A Administración xeral do Estado elaborará e actualizará periodicamente os inventarios españois de emisións e demais informes que o Estado deba formalizar co obxecto de cumprir as obrigas de información asumidas por este no marco da normativa comunitaria e internacional, así como para dispoñer dunha fonte esencial de información para o coñecemento do estado do ambiente, o deseño de políticas ambientais e a avaliación da súa efectividade ou o desenvolvemento de estudos e investigacións ambientais, sociais e económicas, entre outras finalidades.

4. Para a elaboración e actualización periódica dos inventarios españois o Goberno establecerá regulamentariamente un sistema español de inventario acorde coas directrices e criterios comunitarios e internacionais vixentes, todo iso sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan elaborar os seus propios inventarios autonómicos.

5. De acordo coa normativa comunitaria e internacional, o Goberno regulará o contido e os prazos da información que debe ser facilitada para a elaboración dos informes periódicos que deba formalizar o Estado no ámbito de aplicación desta lei, para o cumprimento das obrigas de información asumidas no marco da Unión Europea e os convenios internacionais.

6. O Ministerio de Sanidade e Consumo realizará o seguimento do impacto da contaminación do aire na saúde, mediante a realización de estudos epidemiolóxicos, e integrará no seu sistema de alertas e vixilancia a información proporcionada polo sistema español de información, vixilancia e prevención da contaminación atmosférica que poida supoñer risco para a saúde.

Artigo 28. Estacións, redes e outros sistemas de avaliación da calidade do aire.

1. As comunidades autónomas e, se é o caso, as entidades locais nos termos dos artigos 5.3 e 10.1, deberán dispoñer de estacións de medida ou doutros sistemas de avaliación da calidade do aire que sexan suficientes para permitir o cumprimento das súas obrigas, de conformidade co disposto nesta lei.

2. As comunidades autónomas remitiranlle, coa periodicidade que regulamentariamente se determine, ao Ministerio de Medio Ambiente información validada e actualizada acerca das estacións, redes e outros sistemas de avaliación da calidade do aire, públicos e privados, e sobre os datos obtidos neles mesmos, co fin de garantir o cumprimento das obrigas comunitarias e internacionais.

3. Os requisitos mínimos a que se deben axustar as estacións, redes e outros sistemas de avaliación da calidade do aire serán definidos mediante real decreto polo Goberno, coa participación das comunidades autónomas, e estarán referidos aos criterios de situación e número mínimo de estacións, aos métodos para a mostraxe e

análise de contaminantes e a criterios relacionados co control e garantía de calidade das avaliacións.

4. Para a instalación das estacións de medida da calidade do aire de titularidade pública poderanse impoñer as servidumes forzosas que se estimen necesarias en cada caso, logo de indemnización que corresponda legalmente.

CAPÍTULO VII

Réxime sancionador

Artigo 29. Responsabilidade.

Incorrerán en responsabilidade, para os efectos deste capítulo, as persoas físicas ou xurídicas que realicen por acción ou omisión feitos constitutivos de infracción conxunto esta lei.

Artigo 30. Tipificación das infraccións.

1. Para os efectos desta lei, e sen prexuízo das infraccións que, se é o caso, estableza a lexislación sectorial e das que poidan establecer as comunidades autónomas, as infraccións administrativas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) Incumprir o réxime de autorización e notificación previsto no artigo 13 para as actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, sempre que iso xerese ou impedise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou a saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

b) Incumprir as obrigas específicas que, conforme o disposto no artigo 12.2, desta lei, fosen establecidas para produtos que poidan xerar contaminación atmosférica, sempre que iso dese lugar ou impedise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

c) Incumprir os valores límite de emisión, sempre que iso xerese ou impedise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

d) O incumprimento das condicións establecidas en materia de contaminación atmosférica na autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental ou na licenza de actividades clasificadas, sempre que iso xerese ou impedise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

e) Incumprir os requisitos técnicos que lle sexan de aplicación á actividade, instalación ou produto cando iso xerese ou impedise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

f) O incumprimento das medidas recollidas nos plans de acción a curto prazo a que se refire o artigo 16.2.

g) O incumprimento das medidas recollidas nos plans para a protección da atmosfera e para minimizar os efectos negativos da contaminación atmosférica, sempre que iso xerese ou impedise evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

h) Ocultar ou alterar maliciosamente a información exixida nos procedementos regulados nesta lei, cando iso

xerarse ou impedirse evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

i) Impedir, atrasar ou obstruír a actividade de inspección ou control, cando iso xerarse ou impedirse evitar unha contaminación atmosférica que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

j) Incumprir as obrigas previstas no artigo 7.1.b) e d) cando poña en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas ou producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

k) Incumprir as obrigas derivadas das medidas provisionais previstas no artigo 35 desta lei.

3. Son infraccións graves:

a) Incumprir o réxime de autorización e notificación previsto no artigo 13 para as actividades potencialmente máis contaminadoras da atmosfera cando non estea tipificado como infracción moi grave.

b) Incumprir as obrigas específicas que, conforme o disposto no artigo 12.2 desta lei, fosen establecidas para produtos que poidan xerar contaminación atmosférica, cando non estea tipificado como infracción moi grave.

c) Incumprir os valores límite de emisión, cando non estea tipificado como infracción moi grave.

d) O incumprimento das condicións establecidas en materia de contaminación atmosférica na autorización ou aprobación do proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental ou na licenza de actividades clasificadas, cando non estea tipificado como infracción moi grave.

e) Incumprir os requisitos técnicos que lle sexan de aplicación á actividade, instalación ou produto cando iso afecte significativamente a contaminación atmosférica producida pola devandita actividade, instalación ou produto, cando non estea tipificado como infracción moi grave.

f) O incumprimento das medidas recollidas nos plans para a protección da atmosfera e para minimizar os efectos negativos da contaminación atmosférica, cando non estea tipificado como infracción moi grave.

g) Ocultar ou alterar maliciosamente a información exixida nos procedementos regulados nesta lei, cando iso xerarse ou impedirse evitar unha contaminación atmosférica sen que puxese en perigo grave a seguranza ou saúde das persoas nin producise un dano ou deterioración grave para o ambiente.

h) Impedir, atrasar ou obstruír a actividade de inspección ou control, cando non estea tipificado como infracción moi grave.

i) Non cumprir as obrigas relativas ás estacións de medida dos niveis de contaminación e ao rexistro dos controis de emisións e niveis de contaminación a que se refire o artigo 7.2.b) e c).

j) Non realizar controis das emisións e da calidade do aire na forma e periodicidade establecidas legalmente.

k) Incumprir as obrigas en materia de información a que se refire o artigo 7.1.h), cando diso poida afectar significativamente o cumprimento, por parte das administracións públicas, das súas obrigas de información.

l) Incumprir as obrigas previstas no artigo 7.1.b) e d) cando non estea tipificado como infracción moi grave.

4. Son infraccións leves:

a) Incumprir os requisitos técnicos que lle sexan de aplicación á actividade, instalación ou produto cando iso non estea tipificado como infracción grave.

b) Ocultar ou alterar maliciosamente a información exixida nos procedementos regulados nesta lei, cando iso non estea tipificado como infracción grave.

c) Incumprir as obrigas en materia de información a que se refire o artigo 7.1.h), cando iso non estea tipificado como infracción grave.

Artigo 31. Sancións.

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior poderán dar lugar á imposición dalgunha ou varias das seguintes sancións:

a) No caso de infracción moi grave:

1.º Multa desde 200.001 ata 2.000.000 de euros.

2.º Prohibición ou clausura definitiva, total ou parcial das actividades e instalacións.

3.º Prohibición ou clausura temporal, total ou parcial das actividades ou instalacións durante un período non inferior a dous anos nin superior a cinco.

4.º A precintaxe de equipamentos, máquinas e produtos, durante un período non inferior a dous anos.

5.º Inhabilitación para o exercicio da actividade durante un período non inferior a un ano nin superior a cinco.

6.º Extinción ou suspensión das autorizacións en que se establecesen condicións relativas á contaminación atmosférica durante un tempo non inferior a dous anos.

7.º Publicación a través dos medios que se consideren oportunos das sancións impostas, unha vez que estas adquiren firmeza en vía administrativa ou, se é o caso, xurisdiccional, así como os nomes, apelidos ou denominación ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables e a índole e natureza das infraccións.

b) No caso de infracción grave:

1.º Multa desde 20.001 ata 200.000 euros.

2.º Prohibición ou clausura temporal, total ou parcial das actividades ou instalacións durante un período máximo de dous anos.

3.º Inhabilitación para o exercicio da actividade durante un período máximo dun ano.

4.º A precintaxe temporal de equipamentos, máquinas e produtos durante un período máximo de dous anos.

5.º Suspensión das autorizacións en que se establecesen condicións relativas á contaminación atmosférica durante un período máximo de dous anos.

c) No caso de infracción leve: multa de ata 20.000 euros.

2. En calquera caso, a contía da multa imposta será, como mínimo, igual ao dobre do importe en que se beneficiase o infractor.

Artigo 32. Graduación das sancións.

1. Na imposición das sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, con consideración dos seguintes criterios para a graduación da sanción:

a) Existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A medida en que o valor límite de emisión fose superado.

c) As molestias, riscos ou danos causados respecto das persoas, o ambiente e demais bens de calquera natureza.

d) A grave dificultade, cando non imposibilidade, de reparar os danos ocasionados á atmosfera.

e) A reincidencia por comisión de máis dunha infracción tipificada nesta lei cando así fose declarada por resolución firme.

f) O beneficio obtido pola comisión da infracción.

g) As diferenzas entre os datos facilitados e os reais.

2. En todo caso, a prohibición, suspensión ou clausura de actividades ou instalacións acordarase sen prexuízo do pagamento do salario ou das indemnizacións aos traballadores que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía, de acordo coa normativa laboral que sexa de aplicación.

Artigo 33. *Responsabilidade penal.*

1. Cando a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, a Administración instrutora porao en coñecemento do órgano xurisdiccional competente e suspenderase a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non ditase sentenza firme ou resolución que poña fin ao proceso.

2. A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa nos casos en que se aprecie a identidade do suxeito, do feito e do fundamento. De non se estimar a existencia de delito ou falta, o órgano competente continuará a tramitación do expediente sancionador.

Artigo 34. *Concorrenza de sancións.*

Cando por uns mesmos feitos e fundamentos xurídicos, o infractor puidese ser sancionado conforme esta lei e outra ou outras leis que fosen de aplicación, das posibles sancións imporáselle a de maior gravidade.

Artigo 35. *Medidas de carácter provisional.*

1. Nos supostos de ameaza inminente de dano ou para evitar novos danos, o órgano competente poderá acordar, aínda antes da iniciación do procedemento sancionador, cos límites e condicións dos artigos 72 e 136 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante acordo motivado e logo de audiencia do interesado, entre outras, algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais:

- a) Medidas de corrección, seguranza ou control que impidan a continuidade na produción do risco ou do dano.
- b) Precintaxe temporal de aparellos, equipamentos ou produtos.
- c) Clausura temporal, parcial ou total das instalacións.
- d) Parada temporal das instalacións.
- e) Suspensión temporal da autorización para o exercicio da actividade.

2. A medida provisional que se adopte antes da iniciación do procedemento sancionador deberá ser confirmada, modificada ou levantada no acordo de iniciación, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda.

Artigo 36. *Obriga de repoñer, multas coercitivas e execución subsidiaria.*

1. Sen prexuízo da sanción penal ou administrativa que se imponha, o infractor estará obrigado a adoptar todas as medidas posibles para a reposición ou restauración das cousas ao estado anterior da infracción cometida, así como a aboar a correspondente indemnización polos danos e perdas causados no caso de que estes se producisen. A indemnización polos danos e perdas causados ás administracións públicas determinarase e recadarse en vía administrativa.

2. No caso de incumprimento da sanción ou da obriga a que se refire o número anterior, o órgano competente requirirá o infractor para o seu cumprimento. Se o

requirimento fose desatendido, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas polo importe que determine a normativa autonómica.

3. A imposición de multas coercitivas exixirá que no requirimento se indique o prazo de que se dispón para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En todo caso, o prazo deberá ser suficiente para cumprir a obriga. No caso de que, unha vez imposta a multa coercitiva, se manteña o incumprimento que a motivou, poderase reiterar as veces que sexan necesarias ata o cumprimento da obriga, sen que, en ningún caso, o prazo fixado nos novos requirimentos poida ser inferior ao fixado no primeiro. As multas coercitivas son independentes e compatibles coas que se poidan impoñer en concepto de sanción.

4. Cando se produza unha ameaza inminente de dano ou se producise un dano, no caso de que o titular non adopte as medidas preventivas, correctivas, paliativas ou reparadoras necesarias, ou estas fosen insuficientes para que desapareza a ameaza, para conter ou eliminar o dano ou evitar maiores danos e efectos adversos ou cando a gravidade e transcendencia dos eventuais danos ou danos producidos así o aconsellen, a Administración pública competente poderá executar subsidiariamente e á custa do suxeito responsable as medidas preventivas e reparadoras que deba adoptar.

Artigo 37. *Potestade sancionadora.*

Correspóndelles ás comunidades autónomas e, se é o caso, ás entidades locais nos termos do artigo 5.3, o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición adicional primeira. *Réxime sancionador relativo ao comercio internacional e intracomunitario.*

O incumprimento das disposicións desta lei relativas ao comercio internacional e intracomunitario será sancionado conforme o réxime establecido na Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando.

Disposición adicional segunda. *Actividades e instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e da lexislación autonómica.*

Quedan exceptuadas do disposto nos artigos 13 e 14 aquelas instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, que estarán sometidas á autorización ambiental integrada regulada nela, así como aquelas que, por desenvolvemento lexislativo das comunidades autónomas, queden afectadas por procedementos de intervención integrada de similar natureza.

Disposición adicional terceira. *Instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

No suposto de instalacións suxeitas á Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a autorización a que se refire o artigo 13 non incluírá valores límite para as emisións directas daqueles gases especificados no anexo I da citada Lei 1/2005, a menos que sexa necesario para garantir que non se provoque ningunha contaminación local significativa.

Disposición adicional cuarta. *Contaminación lumínica.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, promoverán a prevención e redución da contaminación lumínica, coa finalidade de conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Promover un uso eficiente da iluminación exterior, sen menoscabo da seguraza que lles debe proporcionar aos peóns, aos vehículos e ás propiedades.
- b) Preservar ao máximo posible as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio da fauna, da flora e dos ecosistemas en xeral.
- c) Previr, minimizar e corrixir os efectos da contaminación lumínica no ceo nocturno e, en particular, no contorno dos observatorios astronómicos que traballan dentro do espectro visible.
- d) Reducir a intrusión lumínica en zonas distintas ás que se pretende iluminar, principalmente en contornos naturais e interior de edificios.

Disposición adicional quinta. *Aplicación das leis reguladoras da defensa nacional.*

O establecido nesta lei enténdese sen prexuízo do establecido nas leis reguladoras da defensa nacional.

Disposición adicional sexta. *Mobilidade máis sustentable.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, promoverán os sistemas de transporte público e privado menos contaminantes.

Disposición adicional sétima. *Lei de mobilidade sustentable.*

O Goberno, en desenvolvemento das medidas urxentes para adoptar contra o cambio climático, elaborará unha lei de mobilidade sustentable que incluírá, no marco do diálogo social establecido, a obriga da posta en marcha de plans de transporte de empresa que reduzan a utilización do automóbil no transporte dos seus traballadores, fomenten outros modos de transporte menos contaminantes e contribúan a reducir o número e o impacto destes desprazamentos.

Disposición adicional oitava. *Reestruturación do imposto sobre determinados medios de transporte.*

Primeiro.–Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2008 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 65, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«1. Estarán suxeitas ao imposto:

a) A primeira matriculación definitiva en España de vehículos, novos ou usados, provistos de motor para a súa propulsión, agás a dos que se citan a continuación:

1.º Os vehículos comprendidos nas categorías N1, N2 e N3 establecidas no texto vixente o día 30 de xuño de 2007 do anexo II da Directiva 70/156/CEE, do Consello, do 6 de febreiro de 1970, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre a homologación de vehículos de motor e dos seus remolques, sempre que, cando se trate dos comprendidos na categoría N1, se afecten significativamente ao exercicio dunha actividade económica.

A afectación a unha actividade económica presumirase significativa, salvo proba en contrario, cando, conforme o previsto no artigo 95 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, o suxeito pasivo tivese dereito a deducir polo menos o 50 por 100 das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas ou satisfeitas con ocasión da adquisición ou importación do vehículo, sen que para estes efectos sexa relevante a aplicación de calquera outra restrición no dereito á dedución derivada das normas contidas na devandita lei.

Non obstante, estará suxeita ao imposto a primeira matriculación definitiva en España destes vehículos cando se acondicionen para seren utilizados como vivenda.

2.º Os vehículos comprendidos nas categorías M2 e M3 establecidas no mesmo texto a que se refire o número 1.º anterior e os tranvías.

3.º Os que, obxectivamente considerados, sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica, sempre que os seus modelos de serie ou os vehículos individualmente fosen debidamente homologados pola Administración tributaria. Para estes efectos, considerarase que teñen exclusivamente algunha destas aplicacións os vehículos que dispoñan unicamente de dous asentos (para o condutor e o axudante), en ningún caso posúan asentos adicionais nin ancoaxes que permitan a súa instalación e o espazo destinado á carga non goce de visibilidade lateral e sexa superior ao 50 por 100 do volume interior.

4.º Os ciclomotores de dúas ou tres rodas.

5.º As motocicletas e os vehículos de tres rodas que non sexan cuatriciclos sempre que, en ambos os dous casos, a súa cilindrada non exceda os 250 centímetros cúbicos, se se trata de motores de combustión interna, ou a súa potencia máxima neta non exceda de 16 kW, no resto de motores.

6.º Os vehículos para persoas con mobilidade reducida.

7.º Os vehículos especiais, sempre que non se trate dos vehículos tipo «quad» definidos na epígrafe 4.ª do artigo 70.1.

8.º Os vehículos mixtos adaptables cuxa altura total desde a parte estrutural do teito da carrozaría ata o chan sexa superior a 1.800 milímetros, sempre que non sexan vehículos todo terreo e sempre que se afecten significativamente ao exercicio dunha actividade económica. A afectación a unha actividade económica presumirase significativa, salvo proba en contrario, cando, conforme o previsto no artigo 95 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, o suxeito pasivo tivese dereito a deducir polo menos o 50 por 100 das cotas do imposto sobre o valor engadido soportadas ou satisfeitas con ocasión da adquisición ou importación do vehículo, sen que para estes efectos sexa relevante a aplicación de calquera outra restrición no dereito á dedución derivada das normas contidas na devandita lei.

Non obstante, estará suxeita ao imposto a primeira matriculación definitiva en España destes vehículos cando se acondicionen para seren utilizados como vivenda.

9.º Os destinados a seren utilizados polas Forzas Armadas, polos corpos e forzas de seguraza do Estado, das comunidades autónomas e das corporacións locais, así como polo Resguardo Alfandegueiro, en funcións de defensa, vixilancia e seguraza.

10.º As ambulancias e os vehículos que, polas súas características, non permitan outra finalidade ou utilización que a relativa á vixilancia e socorro en autoestradas e estradas.

b) A primeira matriculación de embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos, novos ou usados, que teñan máis de 7,5 metros de eslora máxima, no rexistro de matrícula de buques, ordinario ou especial ou, no caso de non seren inscribíbles no devandito rexistro, a primeira matriculación no rexistro da correspondente federación deportiva. Estará suxeita en todo caso, calquera que sexa a súa eslora, a primeira matriculación das motos náuticas definidas na epígrafe 4.^a do artigo 70.1.

Teñen a consideración de embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos:

1.º As embarcacións que se inscriban nas listas sexta ou sétima do rexistro de matrícula de buques, ordinario ou especial ou, se é o caso, no rexistro da correspondente federación deportiva.

2.º As embarcacións distintas das citadas no parágrafo 1.º anterior que se destinen á navegación privada de recreo, tal como se define no número 13 do artigo 4 desta lei.

c) A primeira matriculación de avións, avionetas e demais aeronaves, novas ou usadas, provistas de motor mecánico, no rexistro de aeronaves, agás a das que se citan a continuación:

1.º As aeronaves que, polas súas características técnicas, só se poidan destinar a traballos agrícolas ou forestais ou ao traslado de enfermos e feridos.

2.º As aeronaves cuxo peso máximo no momento da engalaxe non exceda os 1.550 quilogramos segundo certificado expedido pola Dirección Xeral de Aviación Civil.

d) Estará suxeita ao imposto a circulación ou utilización en España dos medios de transporte a que se refiren os puntos anteriores, cando non se solicite a súa matriculación definitiva en España conforme o previsto na disposición adicional primeira, dentro do prazo dos 30 días seguintes ao inicio da súa utilización en España. Este prazo estenderase a 60 días cando se trate de medios de transporte que se utilicen en España como consecuencia do traslado da residencia habitual do seu titular ao territorio español sempre que resulte de aplicación a exención establecida no número 1.l) do artigo 66.

Para estes efectos, consideraranse como datas de inicio da súa circulación ou utilización en España as seguintes:

1.º Se se trata de medios de transporte que estiveron acollidos aos réximes de importación temporal ou de matrícula turística, a data de abandono ou extinción dos devanditos réximes.

2.º E no resto dos casos, a data da introdución do medio de transporte en España. Se a devandita data non constase de forma fidedigna, considerárase como data de inicio da súa utilización a que resulte ser posterior das dúas seguintes:

1'. Data de adquisición do medio de transporte.

2'. Data desde a cal se considera o interesado residente en España ou titular dun establecemento situado en España.

2. a) A delimitación e determinación dos vehículos a que se refiren o número 1.a) anterior e o número 1 do artigo 70 efectuarase, no non previsto expresamente nos devanditos preceptos, conforme as definicións e categorías contidas na versión vixente a día 30 de xuño de 2007 do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

b) Para efectos desta lei, consideraranse novos aqueles medios de transporte que teñan tal conside-

ración conforme o establecido na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

c) A aplicación dos supostos de non suxeición a que se refiren os números 9.º e 10.º do número 1.a) anterior estará condicionada ao seu recoñecemento previo pola Administración tributaria na forma que se determine regulamentariamente.

Nos demais supostos de non suxeición será necesario presentar unha declaración ante a Administración tributaria no lugar, forma, prazo e impresos que determine o ministro de Economía e Facenda. Exceptúanse do previsto neste parágrafo os vehículos homologados pola Administración tributaria.»

Dous. Modifícase o artigo 70, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 70. *Tipos impositivos.*

1. Para a determinación dos tipos impositivos aplicables establécense as seguintes epígrafes:

Epígrafe 1.^a

a) Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ non sexan superiores a 120 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad».

b) Vehículos provistos dun só motor que non sexa de combustión interna, con excepción dos vehículos tipo «quad».

Epígrafe 2.^a

Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ sexan superiores a 120 g/km e sexan inferiores a 160 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad».

Epígrafe 3.^a

a) Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ non sexan inferiores a 160 g/km e sexan inferiores a 200 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad».

b) Medios de transporte non comprendidos nas epígrafes 1.^a, 2.^a ou 4.^a

Epígrafe 4.^a

a) Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ sexan iguais ou superiores a 200 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad».

b) Vehículos respecto dos que sexa exigible a medición das súas emisións de CO₂, cando estas non se acrediten.

c) Vehículos comprendidos nas categorías N2 e N3 acondicionados como vivenda.

d) Vehículos tipo «quad». Enténdese por vehículo tipo «quad» o vehículo de catro ou máis rodas, con sistema de dirección mediante volante en que o condutor vai sentado a carranchapernas e que está dotado dun sistema de tracción axeitado a un uso fóra de estrada.

e) Motos náuticas. Enténdese por «moto náutica» a embarcación propulsada por un motor e proxectada para ser manexada por unha ou máis persoas sentadas, de pé ou de xeonllos, sobre os límites dun casco e non dentro del.

2. Os tipos impositivos aplicables serán os seguintes:

a) Os tipos que, conforme o previsto no artigo 43 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, fosen aprobados pola comunidade autónoma.

b) Se a comunidade autónoma non aprobase os tipos a que se refire o parágrafo anterior aplicaranse os seguintes:

	Península e Illes Balears	Canarias
Epígrafe 1. ^a	0 por 100	0 por 100
Epígrafe 2. ^a	4,75 por 100	3,75 por 100
Epígrafe 3. ^a	9,75 por 100	8,75 por 100
Epígrafe 4. ^a	14,75 por 100	13,75 por 100

c) En Ceuta e Melilla aplicaranse os seguintes tipos impositivos:

Epígrafe 1. ^a	0 por 100
Epígrafe 2. ^a	0 por 100
Epígrafe 3. ^a	0 por 100
Epígrafe 4. ^a	0 por 100

3. O tipo impositivo aplicable será o vixente no momento do devengo.

4. Cando o medio de transporte cuxa primeira matriculación definitiva tivese lugar en Ceuta e Melilla sexa obxecto de importación definitiva na península e Illes Balears ou en Canarias, liquidarase o imposto aos tipos impositivos resultantes de multiplicar os tipos indicados nos parágrafos a) ou b) do número 2 anterior, segundo proceda, polos coeficientes seguintes:

a) Se a importación definitiva ten lugar dentro do primeiro ano seguinte á primeira matriculación definitiva: 1,00.

b) Se a importación definitiva ten lugar dentro do segundo ano seguinte á primeira matriculación definitiva: 0,67.

c) Se a importación definitiva ten lugar dentro do terceiro ou cuarto ano seguintes á primeira matriculación definitiva: 0,42.

Nos casos previstos neste punto a base imponible estará constituída polo valor en alfándega do medio de transporte.

5. Cando o medio de transporte polo que se devengase o imposto en Canarias sexa obxecto de introdución, con carácter definitivo, na península e Illes Balears, dentro do primeiro ano seguinte á primeira matriculación definitiva, o titular deberá autoliquidar e ingresar as cotas correspondentes á diferenza entre o tipo impositivo aplicable na Comunidade Autónoma de Canarias e o tipo que corresponda aplicar na comunidade autónoma en que sexa obxecto de introdución con carácter definitivo, sobre unha base imponible que estará constituída polo valor do medio de transporte no momento da introdución.

O disposto no parágrafo anterior deste punto non será aplicable cando, en relación co medio de transporte obxecto da introdución, xa se exixise o imposto en Canarias con aplicación dun tipo impositivo non inferior ao vixente nas comunidades autónomas peninsulares ou na de Illes Balears para o devandito medio de transporte no momento da introdución.

6. As liquidacións e autoliquidacións que procedan en virtude dos números 4 e 5 deste artigo non serán exixibles nos casos de traslado da residencia do titular do medio de transporte ao territorio en que teñen lugar, segundo o caso, a importación definitiva ou a introdución definitiva. A aplicación do dis-

posto neste punto está condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Os interesados deberán ter a súa residencia habitual en Ceuta e Melilla ou en Canarias, segundo o caso, polo menos durante os doce meses consecutivos anteriores ao traslado.

b) Os medios de transporte deberán ser adquiridos nas condicións normais de tributación existentes, segundo o caso, en Ceuta e Melilla ou en Canarias, e non se deberán beneficiar de ningunha exención ou devolución con ocasión da súa saída dos devanditos territorios.

c) Os medios de transporte deberán ser utilizados polo interesado na súa antiga residencia durante un período mínimo de seis meses antes de abandonar a devandita residencia.

d) Os medios de transporte a que se refire este punto non deberán ser transmitidos durante o prazo dos doce meses posteriores á importación ou introdución. O incumprimento deste requisito determinará a práctica da correspondente liquidación ou autoliquidación con referencia ao momento en que se produce o devandito incumprimento.

7. As emisións oficiais de CO₂ acreditaranse, se é o caso, por medio dun certificado expedido para o efecto polo fabricante ou importador do vehículo agás nos casos en que as devanditas emisións consten na tarxeta de inspección técnica ou en calquera outro documento de carácter oficial expedido individualmente respecto do vehículo de que se trate.»

Tres. Queda derogado o artigo 70 bis, «dedución na cota» de acordo co previsto na letra a) do número catro da disposición derogatoria única da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, segundo a redacción dada a este pola disposición derogatoria única do Real decreto lei 13/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes en relación co programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguranza viaria e a defensa e a protección do ambiente.

Catro. Modifícase o artigo 71, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 71. *Liquidación e pagamento do imposto.*

1. O imposto deberá ser obxecto de autoliquidación e ingreso polo suxeito pasivo no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

2. A autoliquidación deberá ser visada pola Administración tributaria, na forma que estableza o ministro de Economía e Facenda, con carácter previo á matriculación definitiva ante o órgano competente. Cando a cota resultante da autoliquidación sexa inferior á que resultaría de aplicar os prezos medios de venda aprobados polo ministro de Economía e Facenda, a Administración tributaria, con carácter previo ao outorgamento do visado, poderá proceder á comprobación do importe ou valor consignado como base imponible de acordo co previsto no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Os prezos medios que se deben considerar serán os vixentes no momento en que o interesado solicite o visado ante a Administración tributaria. Tamén se poderá proceder á comprobación previa do importe ou valor declarado cando non exista prezo medio de venda aprobado polo ministro de Economía e Facenda para o medio de transporte a que se refira a autoliquidación presentada.

O prazo máximo para efectuar a comprobación será de trinta días contados a partir da posta á disposición da documentación do medio de transporte

ante a Administración tributaria. O transcurso do citado prazo sen que se realizase a comprobación determinará o outorgamento provisional do visado sobre a base do importe ou valor declarado polo obrigado tributario. Para os efectos do cómputo do prazo resultará de aplicación o disposto no número 2 do artigo 104 da Lei xeral tributaria. O visado poderase outorgar con carácter provisional, sen comprobación previa do importe ou valor, no momento da presentación da autoliquidación, o que se poderá efectuar mediante a emisión dun código electrónico.

O outorgamento do visado con carácter provisional non impedirá a posterior comprobación administrativa da autoliquidación en todos os seus elementos.

3. Para efectuar a matriculación definitiva do medio de transporte, deberase acreditar o pagamento do imposto ou, se é o caso, o recoñecemento da non suxeición ou da exención.»

Cinco. Quedan derogados os números 3 e 4 da disposición transitoria sétima.

Segundo.-Modificación da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2008 modifícase o artigo 43 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, que quedará redactado como segue:

«Artigo 43. *Alcance das competencias normativas no imposto especial sobre determinados medios de transporte.*

No imposto especial sobre determinados medios de transporte as comunidades autónomas poderán incrementar os tipos de gravame aplicables ás epígrafes do número 1 do artigo 70 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, nun 15 por 100 como máximo.»

Disposición adicional novena. *Información relativa ás emisións dos vehículos.*

O Goberno, en desenvolvemento das medidas urxentes que se adoptarán contra o cambio climático, incluírá a obrigatoriedade da etiqueta informativa de eficiencia enerxética referida ao consumo de combustible e emisións de CO₂, prevista no anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro no territorio español.

Ruído lateral:

Peso	0-35 t	35-400 t	Máis de 400 t
Nivel	94	80,87 + 8,51 Log(mtow)	103

Ruído aproximación:

Peso	0-35 t	35-280 t	Máis de 280 t
Nivel	98	86,03 + 7,75 Log(mtow)	105

Disposición transitoria única. *Réxime aplicable ás instalacións existentes.*

A lexislación das comunidades autónomas establecerá os termos e prazos de adaptación ao establecido nesta lei das instalacións existentes, definidas no artigo 3.h), así como daquelas que solicitasen a autorización antes da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, do 30 de novembro.

Non obstante, o citado regulamento manterá a súa vixencia naquelas comunidades e cidades autónomas que non teñan normativa aprobada na materia, en canto non se dite a devandita normativa.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e en particular, a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico e os anexos II e III do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.*

Engádese un novo parágrafo ao número 1 do artigo 11 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, coa seguinte redacción:

«No suposto de residuos de construción e demolición, o posuidor dos devanditos residuos estará obrigado a separalos por tipos de materiais, nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Un. Engádense catro novas definicións ao número 6 do artigo 11 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, coa seguinte redacción:

«Ruído certificado: nivel de ruído lateral, de aproximación e de engalaxe, que figure no certificado de ruído da aeronave, expresado en EPNdB (ruído efectivo percibido en decibelios).

Ruído determinado: nivel de ruído lateral, de aproximación e de engalaxe, expresado en EPNdB, froito da aplicación das seguintes fórmulas:

Ruído engalaxe:

Peso	0-48,1 t	48,1-385 t	Máis de 385 t
Nivel 1 ou 2 motores	89	66,65 + 13,29 Log(motw)	101
Peso	0-28,6 t	28,6-385 t	Máis de 385 t
Nivel 3 motores	89	69,65 + 13,29 Log(motw)	104
Peso	0-20,2 t	20,2-385 t	Máis de 385 t
Nivel 4 motores ou máis	89	71,65 + 13,29 Log(motw)	106

Marxe acumulada: cifra expresada en EPNdB obtida sumando as diferenzas entre o nivel de ruído determinado e o nivel certificado de ruído en cada un dos tres puntos de medicións do ruído de referencia tal e como se definen no volume 1, segunda parte, capítulo 3, anexo 16 do Convenio sobre aviación civil internacional.

Avións de reacción subsónicos civís: avións cun peso máximo á engalaxe de 34.000 kg ou máis, ou cunha capacidade interior máxima certificada para o tipo de avión de que se trate superior a 19 prazas de pasaxeiros, excluídas as prazas reservadas para a tripulación.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo D ao número 8 do artigo 11 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, coa seguinte redacción:

«D) Nos aeroportos de Madrid-Barajas e Barcelona, e para os avións de reacción subsónicos civís, os importes resultantes da aplicación das contías referidas nos parágrafos A e B deste punto incrementaríanse nas seguintes porcentaxes en función da franxa horaria en que se produza ou a aterraxe ou a engalaxe e da clasificación acústica de cada aeronave:

Clasificación acústica	De 07:00 a 22:59 (hora local)	De 23:00 a 06:59 (hora local)
	Porcentaxe	Porcentaxe
Categoría 1	70	140
Categoría 2	20	40
Categoría 3	0	0
Categoría 4	0	0

A categoría acústica de cada aeronave determinaríase conforme os seguintes criterios:

Categoría 1: aeronaves cuxa marxe acumulada sexa inferior a 5 EPNdB.

Categoría 2: aeronaves cuxa marxe acumulada estea comprendida entre 5 EPNdB e 10 EPNdB.

Categoría 3: aeronaves cuxa marxe acumulada estea comprendida entre 10 EPNdB e 15 EPNdB.

Categoría 4: aeronaves cuxa marxe acumulada sexa superior a 15 EPNdB.

Para estes efectos as compañías aéreas presentaranlle, antes da saída do voo, á entidade empresarial Aeroportos Españóis e Navegación Aérea copia do certificado oficial de ruído axustado ao establecido no anexo 16 ao Convenio sobre aviación civil internacional, relativo á protección do ambiente, ou documento de similares características e validez expedido polo estado de matrícula da aeronave.

Aquelas aeronaves que non faciliten certificado de ruído serán consideradas dentro da mesma categoría que unha aeronave do mesmo fabricante, modelo, tipo e número de motores para o que si se

dispoña de certificado para os efectos da clasificación acústica, ata a acreditación do certificado correspondente.

As porcentaxes aplicables en función da clasificación acústica de cada aeronave bonificaríanse no exercicio 2007 nun 65% do seu importe e en 2008 nun 35% do seu importe. Aplicaríanse na súa integridade a partir do 1 de xaneiro do ano 2009.»

Tres. Modifícase o número 10.2 do artigo 11 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, coa seguinte redacción:

«2. Para os efectos do previsto no punto anterior, consideraríanse elementos e criterios de cuantificación desta taxa o peso máximo no momento da engalaxe da aeronave oficialmente recoñecido, a categoría do aeroporto, a tempada na cal se realiza o feito imponible da taxa, o tipo, clase e natureza do voo, o número de operacións efectuadas por período de tempo e aeroporto, a franxa horaria e a clasificación acústica da aeronave.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.*

O número 2 do artigo 22 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, queda redactado do seguinte xeito:

«2. No caso de instalacións suxeitas á Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a autorización non incluírá valores límite para as emisións directas daqueles gases especificados no anexo I da devandita lei, a menos que sexa necesario para garantir que non se provoque ningunha contaminación local significativa.

O previsto no parágrafo anterior non se aplicará ás instalacións excluídas temporalmente do réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, de conformidade co previsto na disposición transitoria cuarta da citada lei.»

Dous. Suprímese o número 3 do artigo 25.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 16/2002, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.*

Un. Modifícase a disposición adicional quinta da Lei 16/2002, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, que quedará redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional quinta. *Modificación do parágrafo primeiro do número 4 do artigo 8 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas.*

O parágrafo primeiro do número 4 do artigo 8 da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, queda redactado como segue:

4. Os auditores serán contratados por un período inicial que non poderá ser inferior a tres anos nin superior a nove contado desde a data en que se inicie o primeiro exercicio para auditar, e poderán ser contratados por períodos máximos de tres anos unha vez que finalice o período inicial. Durante o período inicial, ou antes de que finalice cada un dos traballos para os que foron contratados unha vez finalizado o período inicial, non se poderá rescindir o contrato sen que medie causa xusta.»

Dous. Modifícase a disposición derradeira segunda da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea, que quedará redactada do seguinte xeito:

«Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008 e aplicarase respecto dos exercicios que se inicien a partir da devandita data. Non obstante, as disposicións adicionais segunda e sétima entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".»

Disposición derradeira quinta. *Referencias á normativa derogada.*

As referencias do ordenamento xurídico vixente á Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico e aos anexos II e III do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve aquela, entenderanse realizadas a esta lei e aos seus anexos I e IV.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.23.^a da Constitución en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira sétima. *Prazo para a aprobación do texto refundido de avaliación de impacto ambiental.*

O Goberno elaborará e aprobará no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei un texto refundido en que se regularicen, aclaren e harmonicen as disposicións legais vixentes en materia de avaliación de impacto ambiental.

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario da lexislación estatal nas cidades de Ceuta e Melilla.*

As disposicións sobre actividades clasificadas e réxime de disciplina ambiental contidas na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, nesta lei e en calquera outra norma, consideraranse lexislación xeral do Estado, para os efectos previstos no artigo 21.2 das leis orgánicas 1/1995 e 2/1995, do 13 de marzo, polas que se aproban, respectivamente, os estatutos de autonomía das cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición derradeira novena. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. Habilitase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias e logo de consulta con comunidades autónomas, aprobe cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación, execución e desenvolvemento do establecido nesta lei, así como para actualizar os seus anexos.

2. O Goberno, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, logo de consulta coas comunidades autónomas, actualizará o anexo IV.

3. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar a contía das multas establecidas no artigo 31.

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 15 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Relación de contaminantes atmosféricos

1. Óxidos de xofre e outros compostos de xofre.
2. Óxidos de nitróxeno e outros compostos de nitróxeno.
3. Óxidos de carbono.
4. Ozono.
5. Compostos orgánicos volátiles.
6. Hidrocarburos aromáticos policíclicos e compostos orgánicos persistentes.
7. Metais e os seus compostos.
8. Material particulado (incluídos PM10 e PM2,5).
9. Amianto (partículas en suspensión, fibras).
10. Halóxenos e os seus compostos.
11. Cianuros.
12. Policlorodibenzodioxinas e policlorodibenzofuranos.
13. Substancias e preparados respecto dos cales se demostrase ou existan indicios razoables de que posúen propiedades cancerixenas, mutáxenas, xenoestróxenas ou que poidan afectar a reprodución a través de aire.
14. Substancias que esgotan a capa de ozono.

ANEXO II

Directrices para a selección dos contaminantes atmosféricos

1. Posibilidade, gravidade e frecuencia dos efectos; respecto á saúde humana e ao ambiente no seu conxunto, deben ser obxecto de especial atención os efectos irreversibles.
2. Presenza xeneralizada e concentración elevada do contaminante na atmosfera.
3. Transformacións ambientais ou alteracións metabólicas que poidan dar lugar á produción de substancias químicas de maior toxicidade.
4. Persistencia no ambiente, en particular se o contaminante non é biodegradable e se pode acumular nos seres humanos, no ambiente ou nas cadeas alimentarias.
5. Impacto do contaminante:
 - Importancia da poboación exposta, dos recursos vivos ou dos ecosistemas

– Organismos receptores particularmente vulnerables na zona afectada.

6. Utilizaranse preferentemente métodos de avaliación do risco.

7. Deberanse ter en conta para a selección dos contaminantes os criterios pertinentes de perigosidade establecidos en virtude da normativa da Unión Europea.

ANEXO III

Factores que se terán en conta para o establecemento dos obxectivos de calidade do aire e os limiares de alerta

1. Grao de exposición das poboacións humanas e, en particular, dos subgrupos sensibles.

